GRAN PARTIDO DO NUMANCIA FRONTE AO LIDER.

Os de Ares, moito mellor que os locais, bordaron un gran partido e augaronlle a festa ao Narón no seu feudo.

O Cadaval (Piñeiros) 27 de marzo de 2011.

ALINIACIONS:
NARON "B": Gabeiras, Javi, Adrián, Keita, Colo, Michel, Bruno, Dani Vázquez (Uceira 83´), Oscar, Alex (Suco 46´) e Popi (Monti 72´).

NUMANCIA: Carlos, Martín, Costa, Vicente (Javi 67´), Zeta, Jaume (Quique 82´), Bule (Teti 72´), Alex, Manu, Jorge e Rubén.

COLEXIADO: D. Fernando Formoso Sánchez, asistido nas bandas por D. Telmo Pérez Vázquez e D. Dimani Delrhlid. Amonestou a Alex do Numancia.

GOLES:
Numancia: Rubén.

Partido difícil hoxe para os de Ares no Cadaval. En fronte o líder da categoría, un dos equipos máis regulares desta competitiva liga da 2ª autonómica. Pero os de Ares tiñan claro que non lle ían poñer as cousas doadas aos naroneses. Os de Ares necesitaban unha vitoria como auga de maio, unha vitoria para levantar a moral, e resarcirse do último resultado na casa a pasada semana fronte o Neda. A priori non parecía o mellor partido, pero as estatísticas está claro que están para rompelas.

Saíron os de Ares moi metidos no partido e dende o asubío inicial deixáronlle claro ao Narón

ao que viñeran. Os naroneses trataban de saír co balón controlado, xogando a pelota, pero os de Ares premían moi arriba, o que lles propiciaba recuperacións coas que crearon moito perigo de cara a porta. No primeiro cuarto, ben puideron ir por diante os de Ares no marcador, pero as boas intervencións do meta local impediríano. A medida que foron pasando os minutos, os de Ares fóronse asentando mellor no terreo de xogo, o que lles deu moita confianza e termiñaron rematando unha sensacional primeira metade. Mereceu o Numancia irse ao descanso con dous, ou tres goles a o seu favor, pero como diciamos, o porteiro local, e un disparo ao pau, impediríano. Finalmente marcharon aos vestiarios con empate a cero goles, pero cunha moi boa imaxe dos de Ares. Postos a valorálos dariámoslles, un nove, sobre dez, nesta primeira metade.

Na segunda metade o Numancia tivo uns dez ou quince minutos de inicio nos que perderon a intensidade da primeira parte. Os locais meteron unha marcha máis, e tiveron os mellores minutos do partido, creando algunha boa ocasión para adiantarse no marcador. Afortunadamente iso no sucedeu. Pasada esa paréntese, os de Ares volveronse asentar no terreo de xogo e volverían tomar o control do encontro. As ocasións comezaron a chegar de novo, pero non se materializaban, en fronte un sensacional Gabeiras, volvía a desbarataba a maioría delas. Parecía imposible de crér que ningún balón traspasase a liña de gol. De novo outro balón ao pau dos de Ares, era o segundo do partido. O fútbol estaba a ser inxusto cos numantinos, pois tiñan feito meritos máis que de sobra para ir por diante no marcador. Por fin, no minuto 81, chegaría ese ansiado gol para os de Ares. Apareceu de novo a testa de Rubén, quén á saída dun córner envia o esférico ao fondo das mallas. Gran ledicia na afección e no equipo, que á fin vía recompensado o seu grande esforzo. Quedaban dez minutos. Os xovenes xogadores do Narón fixeron todo o posible, para cando menos, empatar o encontro. Pero hoxe era a tarde do Numancia. Os de Ares votaron casta e veteranía, e non tiveron máis que controlar esos dez minutos que restaban de partido para alzarse cunha xusta vitoria. Antes do asubío final tería o Numancia, nas botas de Jorge, outra gran oportunidade para poñerlle a guinda ao pastel, pero non estivo afortunado na súa definición.

En resumo unha gran vitoria dos de Ares. Unha vitoria importante para recuperar a moral de cara as últimas xornadas do campionato. É unha mágoa que non se aproveitaran os puntos que quedaron polo camiño e que nos tivesen permitido estar máis arriba na táboa. Pero xa non hai volta atrás. Agora o máis importante é rematar este campionato na mellor posición posible. Quedan cinco xornadas, recibir ao Barallobre, visitas ao Aspirantes, Mandia e Sansa, para rematar a liga en Prados Vellos fronte ao Ortigueira. En teoría un calendario bastante asequible.

Primeiro envite, ¡¡NUMANCIA – BARALLOBRE!!, próximo domingo en Prados Vellos, ás 17:00 horas, ¡¡OLLO o novo horario!!

Esperamos a toda a MAREA VERMELLA.

Agora máis que nunca.